



PROGRAMA MENIÑEIRO - VERÁN 2020

O departamento de Servizos Sociais do Concello de Cabana de Bergantiños organiza o Programa Meniñeiro co obxectivo de fomentar a corresponsabilidade entre mulleres e homes a través da conciliación dos seus tempos persoais, laborais e familiares mediante a realización de actividades educativas e lúdicas, dirixidas ós/ás nenos/as, durante os períodos vacacionais.

1. DESTINATARIOS/AS

*Nenos e nenas de 3 a 12 anos (nados/as entre 2008 e 2016) que estén empadroados/as no Concello de Cabana de Bergantiños con anterioridade ó 1 de xaneiro de 2020. **Dita circunstancia será verificada de oficio polo Concello de Cabana de Bergantiños.***

2. TEMPORALIZACIÓN E LUGAR DE CELEBRACIÓN

Días: dende o 6 ata ó 31 de xullo de 2020.

Horario: de luns a venres de 10:00 a 14:00 horas.

Lugar: Casa da Cultura e Casa do Pendón.

3. INSCRICIÓN E DOCUMENTACIÓN

O prazo para presentar as solicitudes será dende o 25 ó 30 de xuño na sede electrónica municipal (<https://sede.cabana.gal/>) ou presencialmente, con cita previa, na Casa do Concello.

No caso da presentación presencial e coa finalidade de evitar esperas será conveniente achegar o impreso de solicitude cuberto e asinado xunto co DNI do/a nai/pai ou titor/a da/o menor debidamente asinada.

Os impresos estarán dispoñibles na páxina web do Concello (www.concello-cabana.es), na sede electrónica municipal (<https://sede.cabana.gal/>) e no departamento de Servizos Sociais.

A admisión dos/as menores no programa farase, cumpridos os requisitos, por riguroso orde de entrada no Rexistro Xeral (tanto presencial como pola sede electrónica) do Concello de Cabana de Bergantiños ata cubrir as prazas disponibles (50).

Elaborarase unha lista de admitidos/as e unha lista de agarda. No caso de renuncia, o listado irá correndo segundo orde numérica. A dita lista será publicada no taboleiro de edictos da Casa do Concello, así como no taboleiro electrónico municipal aloxado na sede electrónica municipal.

A concesión da praza implica a asistencia a actividade polo que as faltas non xustificadas e reiteradas significarán a perda da mesma.

4. MEDIDAS DE HIXIENE E PREVENCIÓN

Durante o programa Meniñeiro manteranse as medidas hixiénicas e de prevención facilitadas polos organismos competentes. No momento no que se publican estas bases o documento de referencia publicado pola Xunta de Galicia é: Recomendacións e medidas para o desenvolvemento das actividades de educación non formal, ocio educativo e tempo libre adaptadas. (publicado na páxina web oficial <http://xuventude.xunta.es/>) así coma a RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do @Consello de la Xunta, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, art. 3.29 (DOG núm.11 do 13/06/2020)

Tanto participantes como monitores/as do programa Meniñeiro deberán seguir en todo momento as medidas xerais de prevención aprobadas polas autoridades correspondentes, así como as recollidas especificamente neste documento salvo que se realice unha publicación posterior para substituír ou actualizar o dito documento.



As medidas persoais mínimas que deberán manterse son:

- ✚ Manter a distancia interpersonal de seguridade (1,5 m) sempre e cando sexa posible. No caso de non ser factible, deberase empregar o uso de máscara tanto por parte do persoal monitor como das persoas participantes. Os/as participantes deben traer a súa propia máscara á actividade.*
- ✚ Hixiene de mans frecuente con auga e xabón ou solucións hidroalcólicas. É importante que, cando menos, esta hixiene de mans se realice a entrada, tras cambiar de actividade, antes e despois da “merenda” e despois de ir ao lavabo.*
- ✚ Ao tusir ou esbirrar, cubrir a boca e o nariz co cóbado flexionado.*
- ✚ Usar panos desbotables e tirar estes tras o seu uso.*
- ✚ Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.*
- ✚ Evitar coller pertenzas alleas. De ser necesario facelo, procederase a desinfectar o material posteriormente.*

Co obxectivo de adaptarnos a nova situación, se modifica a dinámica tradicional do programa Meniñeiro e se evitarán actividades e xogos que impliquen contacto físico.

Os pais/nais ou tutores/as deberán cubrir o modelo de declaración responsable que figura no modelo de solicitude de realización de actividade para poder participar na mesma.

Cabana de Bergantiños. O alcalde, José Muíño Domínguez.

Documento asinado dixitalmente